

convocatoria de eleccións xerais, autonómicas ou locais ou consultas populares por vía de referendo en calquera das modalidades previstas na Constitución, será castigado coa pena de prisión de tres a cinco anos e inhabilitación absoluta por un tempo superior entre tres e cinco anos ó da duración da pena de privación de liberdade imposta.

2. A autoridade ou funcionario público que, sen realiza-la convocatoria ou autorización a que se refire o punto anterior, facilite, promova ou asegure o proceso de eleccións xerais, autonómicas ou locais ou consultas populares por vía de referendo en calquera das modalidades previstas na Constitución convocadas por quen carece manifestamente de competencia ou atribucións para iso, unha vez acordada a ilegalidade do proceso será castigado coa pena de prisión dun a tres anos e inhabilitación absoluta por un tempo superior entre un e tres anos ó da duración da pena de privación de liberdade imposta.»

«521 bis.

Os que, con ocasión dun proceso de eleccións xerais, autonómicas ou locais ou consultas populares por vía de referendo en calquera das modalidades previstas na Constitución convocadas por quen carece manifestamente de competencias ou atribucións para iso, participen como interventores ou faciliten, promovan ou aseguren a súa realización unha vez acordada a ilegalidade do proceso serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses.»

«576 bis.

1. A autoridade ou funcionario público que achegase fondos ou bens de natureza pública, subvencións ou axudas públicas de calquera clase a asociacións ilegais ou partidos políticos disoltos ou suspendidos por resolución xudicial por levaren a cabo conductas relacionadas cos delitos a que se refire esta sección, así como ós partidos políticos, persoas físicas ou xurídicas, entidades sen personalidade xurídica e, en particular, grupos parlamentarios ou agrupacións de electores que, de feito, continúen ou sucedan a actividade destes partidos políticos disoltos ou suspendidos será castigado coa pena de tres a cinco anos de prisión.

2. Imporáselle a pena superior en grao á prevista no punto anterior á autoridade ou ó funcionario público que continuase coas conductas previstas neste artigo unha vez requirido xudicial ou administrativamente para que cese nas citadas conductas.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

O artigo primeiro desta lei orgánica entrará en vigor o mesmo día en que o faga a Lei orgánica 8/2003, do 9 de xullo, para a reforma concursal, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e o seu artigo segundo entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 23 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23646 LEI 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje. («BOE» 309, do 26-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

España mostrouse sempre sensible ós requirimentos de harmonización do réxime xurídico da arbitraje, en particular da comercial internacional, para favorecer a difusión da súa práctica e promove-la unidade de criterios na súa aplicación, na convicción de que unha maior uniformidade nas leis reguladoras da arbitraje debe propicia-la súa maior eficacia como medio de solución de controversias.

A Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, é tributaria desta vocación, xa antes manifestada explicitamente no Real decreto 1094/1981, do 22 de maio, que abriu as portas á arbitraje comercial internacional, tendo en conta que «o incremento das relacións comerciais internacionais, en particular na área iberoamericana, e a inexistencia de adecuados servizos de arbitraje comercial internacional no noso país determina que a utilización da técnica arbitral por empresarios e comerciantes da citada área se efectúe con referencia a institucións doutro contexto cultural idiomático, co efecto negativo que iso representa para España e a perda que para o noso país significa a ruptura das vinculacións cos citados países en materia de tan crecente interese común».

Esta lei prolonga esa sensibilidade, esa vocación e esa práctica, pero coa pretensión de producir un salto cualitativo. Así, o seu principal criterio inspirador é o de basea-lo réxime xurídico español da arbitraje na lei modelo elaborada pola Comisión das Nacións Unidas para o Dereito Mercantil Internacional, do 21 de xuño de 1985 (lei modelo de CNUDMI/UNCITRAL), recomendada pola asemblea xeral na súa Resolución 40/72, do 11 de decembro de 1985, «tendo en conta as esixencias da uniformidade do dereito procesual arbitral e as necesidades da práctica da arbitraje comercial internacional». O lexislador español segue a recomendación das Nacións Unidas, acolle como base a lei modelo e, ademais, toma en consideración os sucesivos traballos emprendidos por aquela Comisión co propósito de incorpora-los avances técnicos e atende-las novas necesidades da práctica arbitral, particularmente en materia de requisitos do convenio arbitral e de adopción de medidas cautelares.

A lei modelo responde a un sutil compromiso entre as tradicións xurídicas europeo-continental e anglosaxona produto dun coidado estudio do dereito comparado. A súa redacción non responde, por iso, plenamente ós canons tradicionais do noso ordenamento, pero facilita a súa difusión entre operadores pertencentes a áreas económicas con que España mantén activas e crecentes relacións comerciais. Os axentes económicos das ditas áreas adquirirán, por tanto, maior certeza sobre o contido do réxime xurídico da arbitraje en España, o que facilitará e mesmo impulsará que se pacten convenios arbitrais en que se estableza o noso país como lugar

da arbitrase. A lei modelo resúltalles máis accesible ós operadores económicos do comercio internacional, habituados a unha maior flexibilidade e adaptabilidade das normas ás peculiaridades de casos concretos xurídicos en escenarios moi diversos.

A nova lei dítase con consciencia dos innegables avances que a súa precedente, a Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitrase, supuxo para a regulación e modernización do réxime desta institución no noso ordenamento xurídico. Durante a súa vixencia produciuse unha notable expansión da arbitrase no noso país; aumentou en gran medida o tipo e o número de relacións xurídicas, sobre todo contractuais, para as cales as partes pactan convenios arbitraris; asentouse a arbitrase institucional; consolidáronse prácticas uniformes, sobre todo en arbitraxes internacionais; xerouse un corpo de doutrina considerable; e normalizouse a utilización dos procedementos xudiciais de apoio e control da arbitrase.

Sen embargo, as consideracións feitas anteriormente revelan que, partindo do acervo descrito, resulta necesario impulsar outro novo e importante avance na regulación da institución mediante a sinalada incorporación do noso país ó elenco crecente de Estados que adoptaron a lei modelo. Ademais, o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 36/1988 permitiu detectar nela lagoas e imperfeccións. A arbitrase é unha institución que, sobre todo na súa vertente comercial internacional, debe evolucionar ó mesmo ritmo que o tráfico xurídico, so pena de quedar desfasada. A lexislación interna dun país en materia de arbitrase debe ofrecer vantaxes ou incentivos ás persoas físicas e xurídicas para optaren por esta vía de resolución de conflitos e para que a arbitrase se desenvolva no territorio dese Estado e conforme as súas normas. Por conseguinte, tanto as necesidades de mellora e seguimento da evolución da arbitrase como a acomodación á lei modelo fan necesaria a promulgación desta lei.

II

A nova regulación sistematízase en nove títulos. O título I contén as disposicións xerais sobre arbitrase.

O artigo 1 determina o ámbito de aplicación da lei sobre a base dos seguintes criterios:

En primeiro lugar, déixanse a salvo, como non podía ser doutro modo, as disposicións contidas en convenios internacionais de que España sexa parte.

En segundo lugar, no que respecta á contraposición entre arbitrase ordinaria e arbitraxes especiais, esta lei pretende ser unha lei xeral, aplicable, por tanto, integramente, a tódalas arbitraxes que non teñan unha regulación especial; pero tamén supletoriamente ás arbitraxes que a teñan, salvo no que as súas especialidades se opoñan ó previsto nesta lei ou salvo que algunha norma legal dispoña expresamente a súa inaplicabilidade.

En terceiro lugar, no que respecta á contraposición entre arbitrase interna e arbitrase internacional, esta lei opta claramente por unha regulación unitaria de ambas. Dentro do que se deu en chama-la alternativa entre dualismo (que a arbitrase internacional sexa regulada totalmente ou en gran medida por preceptos distintos que a arbitrase interna) e monismo (que, salvo contadas excepcións, os mesmos preceptos se apliquen por igual á arbitrase interna e internacional), a lei segue o sistema monista. Son poucas e moi xustificadas as normas en que a arbitrase internacional require unha regulación distinta da da arbitrase interna. Mesmo coa consciencia de que a arbitrase internacional responde en moitas ocasións a

exixencias distintas, esta lei parte da base —corroborada pola tendencia actual na materia— de que unha boa regulación da arbitrase internacional debe selo tamén para a arbitrase interna, e viceversa. A lei modelo, dado que se xesta no seo da CNUDMI/UNCITRAL, está concibida especificamente para a arbitrase comercial internacional; pero a súa inspiración e solucións son perfectamente válidas, na inmensa maioría dos casos, para a arbitrase interna. Esta lei segue neste aspecto o exemplo doutras recentes lexislacións estranxeiras, que estimaron que a lei modelo non só resulta adecuada para a arbitrase comercial internacional, senón para a arbitrase en xeral.

En cuarto lugar, a delimitación do ámbito de aplicación da lei é territorial. Non obstante, hai determinados preceptos, relativos a certos casos de intervención xudicial, que se deben aplicar tamén a aquelas arbitraxes que se desenvolvan ou se desenvolven no estranxeiro. O criterio, en todo caso, é tamén territorial, posto que se trata de normas procesuais que deben ser aplicadas polos nosos tribunais.

O artigo 2 regula as materias obxecto de arbitrase sobre a base do criterio da libre disposición, como facía a Lei 36/1988. Sen embargo, repútase innecesario que esta lei conteña ningún elenco, sequera exemplificativo, de materias que non son de libre disposición. Basta con establecer que a arbitrabilidade dunha controversia coincide coa dispoñibilidade do seu obxecto para as partes. En principio, son cuestións arbitrables as cuestións dispoñibles. É concibible que por razóns de política xurídica haxa ou poida haber cuestións que sexan dispoñibles para as partes e respecto das cales se queira excluír ou limita-lo seu carácter arbitrable. Pero iso excede o ámbito dunha regulación xeral da arbitrase e pode ser obxecto, se é o caso, de disposicións específicas noutros textos legais.

Respecto das materias obxecto de arbitrase introdúcese tamén a regra, para a arbitrase internacional, de que os Estados e entes dependentes deles non poidan facer vale-las prerrogativas do seu ordenamento xurídico. Preténdese con isto que, para estes efectos, o Estado sexa tratado exactamente igual ca un particular.

O artigo 3 regula a determinación do carácter internacional da arbitrase, que resulta relevante para a aplicación daqueles artigos que conteñen regras especiais para as arbitraxes internacionais que se desenvolvan no noso territorio. Así, establécese por primeira vez no noso ordenamento en qué casos unha arbitrase é internacional; o que debe facilita-la interpretación e aplicación desta lei no contexto do tráfico xurídico internacional. Ademais, débese ter en conta que existen convenios internacionais que esixen para a súa aplicación unha definición previa da arbitrase internacional. A determinación do carácter internacional da arbitrase segue substancialmente os criterios da lei modelo. A estes resulta conveniente engadir-lles outro: que a relación xurídica de que dimana a controversia afecte os intereses do comercio internacional. Trátase dun criterio amplamente desenvolvido noutros ordenamentos, co que se pretende dar cabida a supostos en que, aínda que non concorran os elementos anteriormente establecidos pola lei, resulte indubidable o seu carácter internacional á luz das circunstancias do caso. Por outra parte, a lei evita a confusión que a pluralidade de domicilios dunha persoa, admitida noutros ordenamentos, podería causar á hora de determinar se unha arbitrase é internacional ou non.

O artigo 4 contén unha serie de regras de interpretación, entre as cales teñen especial relevancia as que dotan de contido as normas legais dispositivas desta lei mediante a remisión, por vontade das partes, á dunha

institución arbitral ou ó contido dun regulamento arbitral. Así, esta lei parte na maioría das súas regras de que debe prima-la autonomía da vontade das partes. Mais esa vontade enténdese integrada polas decisións que poida adoptar, se é o caso, a institución administradora da arbitraje, en virtude das súas normas, ou as que poidan adoptar os árbitros, en virtude do regulamento arbitral a que as partes se sometesen. Prodúcese, por tanto, unha especie de integración do contido do contrato de arbitraje ou convenio arbitral, que, por mor desta disposición, -pasa a ser en tales casos un contrato normativo. Deste modo, a autonomía privada en materia de arbitraje pódese manifestar tanto directamente, a través de declaracións de vontade das partes, como indirectamente, mediante a declaración de vontade de que a arbitraje sexa administrada por unha institución arbitral ou se rexa por un regulamento arbitral. Neste sentido, a expresión institución arbitral fai referencia a calquera entidade, centro ou organización das características previstas que teña un regulamento de arbitraje e, conforme con el, se dedique á administración de arbitrajes. Pero precísase que as partes se poidan someter a un concreto regulamento sen encomenda-la administración da arbitraje a unha institución, caso en que o regulamento arbitral tamén integra a vontade das partes.

O artigo 5 establece as regras sobre notificacións, comunicacións e cómputo de prazos, que se aplican tanto ás actuacións tendentes a pór en marcha a arbitraje coma ó conxunto da súa tramitación. Regúlanse a forma, o lugar e o tempo das notificacións e comunicacións. Respecto do cómputo dos prazos por días, dispónse que se trata de días naturais. Esta regra non é aplicable no seo dos procedementos xudiciais de apoio ou control da arbitraje, en que rexen as normas procesuais, pero si ós prazos establecidos, se é o caso, para a iniciación dos ditos procedementos, como, por exemplo, o exercicio da acción de anulación do laudo.

O artigo 6 contén unha disposición sobre renuncia tácita ás facultades de impugnación, directamente inspirada —coma tantas outras— na lei modelo, que obriga as partes na arbitraje á denuncia tempestiva e inmediata das violacións de normas dispositivas, isto é, aplicables en defecto de vontade das partes.

O artigo 7, sobre intervención xudicial na arbitraje, é un corolario do denominado efecto negativo do convenio arbitral, que lles impide ós tribunais coñecer das controversias sometidas a arbitraje. Deste modo, a intervención xudicial nos asuntos sometidos a arbitraje débese limitar ós procedementos de apoio e control, expresamente previstos pola lei.

O artigo 8 contén, directamente ou por remisión, as normas de competencia obxectiva e territorial para o coñecemento de tódolos procedementos de apoio e control da arbitraje, incluso daqueles que non se encontran regulados nesta lei, senón na de axuízamento civil. Para o exequátur de laudos estranxeiros atribúeselles competencia ás audiencias provinciais, na vez de —coma ata agora— á Sala Primeira do Tribunal Supremo, coa finalidade de descargar esta e gañar celeridade.

III

O título II regula os requisitos e efectos do convenio arbitral, sen prexuízo da aplicación das normas xerais sobre contratos en todo o non especificamente previsto nesta lei. En liñas xerais, a lei trata de perfecciona-la

lexislación anterior, precisando algúns puntos que se revelaran problemáticos.

Deben de se destacar algunhas novidades introducidas respecto dos requisitos de forma do convenio arbitral. A lei reforza o criterio antiformalista. Así, aínda que se mantén a esixencia de que o convenio conste por escrito e se recollen as diversas modalidades de constancia escrita, esténdese o cumprimento deste requisito ós convenios arbitrais pactados en soportes que deixen constancia, non necesariamente escrita, do seu contido e que permitan a súa consulta posterior. Dáselle así cabida e recoñéceselle a validez ó uso de novos medios de comunicación e novas tecnoloxías. Conságrase tamén a validez da chamada cláusula arbitral por referencia, é dicir, a que non consta no documento contractual principal, senón nun documento separado, pero enténdese incorporada ó contido do primeiro pola referencia que nel se fai ó segundo. Así mesmo, a vontade das partes sobre a existencia do convenio arbitral superponse ós seus requisitos de forma. No que respecta á lei aplicable ó convenio arbitral, óptase por unha solución inspirada nun principio de conservación ou criterio máis favorable á validez do convenio arbitral. Deste modo, basta que o convenio arbitral sexa válido consonte calquera dos tres réximes xurídicos sinalados no punto 6 do artigo 9: as normas elixidas polas partes, as aplicables ó fondo da controversia ou o dereito español.

A lei mantén os chamados efectos positivo e negativo do convenio arbitral. Respecto deste último, mantense a regra de que debe ser feito valer polas partes e especificamente polo demandado a través da declinatoria. Ademais, precísase que a pendencia dun proceso xudicial en que se interpuxese declinatoria non impide que o procedemento arbitral se inicie ou prosiga; de modo que a incoación dun proceso xudicial non pode ser sen máis utilizada coa finalidade de bloquear ou dificultar-la arbitraje. E aclárase que a solicitude de medidas cautelares a un tribunal non supón de ningún xeito renuncia tácita á arbitraje; aínda que tampouco fai actuar sen máis o efecto negativo do convenio arbitral. Con iso despéxase calquera dúbida que puidese subsistir acerca da posibilidade de se acordaren xudicialmente medidas cautelares respecto dunha controversia sometida a arbitraje, mesmo antes de que o procedemento arbitral comezase. Esta posibilidade é indubidable á luz da Lei de axuízamento civil, pero é importante que se recolla tamén na lexislación de arbitraje. Ademais, dálle cobertura a unha eventual solicitude de medidas cautelares ante un tribunal estranxeiro respecto dunha arbitraje rexida pola lei española.

IV

O título III dedícase á regulación da figura do árbitro ou árbitros. A lei prefere as expresións árbitro ou árbitros á de tribunal arbitral, que pode causar confusión cos tribunais xudiciais. Ademais, na maior parte dos preceptos a referencia ós árbitros inclúe tanto os supostos en que hai un colexio arbitral como aqueles en que o árbitro é único.

A lei opta por establecer que na falta de acordo das partes se designará un so árbitro. É esta unha opción guiada por razóns de economía. En canto á capacidade para ser árbitro, óptase polo criterio da maior liberdade das partes, como é hoxe a regra xeral nos países máis avanzados en materia de arbitraje: nada impón a lei, salvo que se trate de persoas naturais con capacidade de obrar plena. Serán as partes directamente ou as

institucións arbitrais as que con total liberdade e sen restricións —non adecuadas á realidade da arbitraxe— designen os árbitros. Só para os casos en que resulte necesario suplir a vontade das partes, a lei prevé e regula as situacións que se poden presentar na designación dos árbitros, para evita-la paralización da arbitraxe. Nestes casos é necesaria a actuación xudicial, aínda que se pretende, dun lado, que o procedemento xudicial poida ser rápido e, doutro, dar criterios ó xuíz de primeira instancia para realiza-la designación. Mostras do primeiro son a remisión ó xuízo verbal e a non-impugnabilidade separada das resolucións interlocutorias que o xulgado dicte neste procedemento, así como da que proceda á designación. Mostra do segundo é a regra acerca da conveniencia de que nas arbitraxes internacionais o árbitro único ou o terceiro árbitro sexa de nacionalidade diferente á das partes. Débese destacar, ademais, que o xuíz non está chamado neste procedemento a realizar, nin de oficio nin por instancia de parte, un control de validez do convenio arbitral ou unha verificación da arbitrabilidade da controversia, o que, de se permitir, ralentizaría indebidamente a designación e baleiraría de contido a regra de que son os árbitros os chamados a se pronunciaren, en primeiro termo, sobre a súa propia competencia. Por iso, o xuíz só debe desestima-la petición de nomeamento de árbitros no caso excepcional de inexistencia de convenio arbitral, isto é, cando *prima facie* poida estimar que realmente non existe un convenio arbitral; pero o xuíz non está chamado neste procedemento a realizar un control dos requisitos de validez do convenio.

Establécese o deber de tódolos árbitros, á marxe de quen os designase, de garda-la debida imparcialidade e independencia fronte ás partes na arbitraxe. Garantía disto é o seu deber de lles revelar ás partes calquera feito ou circunstancia susceptible de pór en dúbida a súa imparcialidade ou independencia. Elimínase o reenvío ós motivos de abstención e recusación de xuíces e maxistrados, por considerar que non sempre son adecuados en materia de arbitraxe nin cobren tódolos supostos, e prefírese unha cláusula xeral. Respecto do procedemento de recusación, a premisa é unha vez máis a liberdade das partes, xa sexa por acordo directo ou por remisión a un regulamento arbitral. No seu defecto, establécese que sexan o árbitro ou os árbitros os que decidan sobre a recusación, sen prexuízo de poder facer vale-los motivos de recusación como causa de anulación do laudo. A posibilidade de acudir directamente ós tribunais fronte á decisión desestimatoria da recusación tería, sen dúbida, a vantaxe dunha certeza preliminar sobre a imparcialidade, pero prestaríase a unha utilización dilatoria desta facultade. Considérase que serán moito menos frecuentes os supostos en que unha recusación será indebidamente desestimada e dará lugar á nulidade de todo o procedemento arbitral que os casos en que se formularían pretensións inmediatas ante a autoridade xudicial coa finalidade de dilata-lo procedemento.

A lei ocúpase igualmente doutros supostos que poden conducir ó cesamento dalgún dos árbitros nas súas funcións e ó nomeamento de substituto. Prevese a posibilidade de que en tales casos haxa que repetir actuacións xa practicadas, pero non se obriga a iso.

V

O título IV dedícase á importante cuestión da competencia dos árbitros.

O artigo 22 establece a regra, capital para a arbitraxe, de que os árbitros teñen potestade para decidir sobre

a súa competencia. É a regra que a doutrina bautizou coa expresión alemana *Kompetenz-Kompetenz* e que a Lei de 1988 xa consagraba en termos menos precisos. Esta regra abarca o que se coñece como separabilidade do convenio arbitral respecto do contrato principal, no sentido de que a validez do convenio arbitral non depende da do contrato principal e que os árbitros teñen competencia para xulgar incluso sobre a validez do convenio arbitral. Ademais, baixo o termo xenérico de competencia deben de se entender incluídas non só as cuestións que estrictamente son tales, senón calquera cuestión que poida obstar a un pronunciamento de fondo sobre a controversia (salvo as relativas ás persoas dos árbitros, que teñen o seu tratamento propio). A lei establece a carga de que as cuestións relativas á competencia dos árbitros sexan formuladas a limine. Débese resaltar que o feito de que unha das partes colabore activamente na designación dos árbitros non supón ningún tipo de renuncia tácita a facer vale-la incompetencia obxectiva destes. É unha lóxica consecuencia da regra de *Kompetenz-Kompetenz*: se son os árbitros os que deben decidir sobre a súa propia competencia, a parte está simplemente contribuindo a designar a quen poderá decidir sobre a dita competencia. O contrario abocaría a parte a unha situación absurda: debería permanecer pasiva durante a designación dos árbitros para poder despois alega-la súa falta de competencia sobre a controversia. A regra da alegación previa das cuestións atinentes á competencia dos árbitros ten unha razoable modulación nos casos en que a alegación tardía está, a xuízo dos árbitros, xustificada, na medida en que a parte non puido realizar esa alegación con anterioridade e que a súa actitude durante o procedemento non pode ser interpretada como unha aceptación da competencia dos árbitros. Queda á apreciación dos árbitros a conveniencia de que as cuestións relativas á súa competencia sexan resoltas con carácter previo ou xunto coas cuestións de fondo. A lei parte da base de que os árbitros poden dictar tantos laudos como consideren necesarios, xa sexa para resolver cuestións procesuais ou de fondo; ou dictar un só laudo resolvendo todas elas.

O artigo 23 incorpora unha das principais novidades da lei: a potestade dos árbitros para adoptaren medidas cautelares. A dita potestade pode ser excluída polas partes, directamente ou por remisión a un regulamento arbitral; pero noutro caso considérase que a aceptan. A lei considerou preferible non entrar a determina-lo ámbito desta potestade cautelar. Obviamente, os árbitros carecen de potestade executiva, polo que para a execución das medidas cautelares será necesario recorrer á autoridade xudicial, nos mesmos termos que se dun laudo sobre o fondo se tratase. Sen embargo, se dentro da actividade cautelar cabe distinguir entre unha vertente declarativa e outra executiva, esta lei reconécelles ós árbitros a primeira, salvo acordo en contrario das partes. Esta norma non derroga nin restrinxen a posibilidade, prevista nos artigos 8 e 11 desta lei e na Lei de axuízamento civil, de que a parte interesada inste da autoridade xudicial a adopción de medidas cautelares. As potestades arbitral e xudicial en materia cautelar son alternativas e concorrentes, sen prexuízo do xogo do principio de boa fe procesal.

VI

O título V regula as actuacións arbitrais. A lei volve a partir do principio de autonomía da vontade e establece como únicos límites a este e á actuación dos árbitros o

dereito de defensa das partes e o principio de igualdade, que se erixen en valores fundamentais da arbitraxe como proceso que é. Garantido o respecto a estas normas básicas, as regras que sobre o procedemento arbitral se establecen son dispositivas e resultan, por tanto, aplicables só se as partes nada acordaron directamente ou pola súa aceptación dunha arbitraxe institucional ou dun regulamento arbitral. Deste modo, as opcións de política xurídica que subxacen a estes preceptos quedan subordinadas sempre á vontade das partes.

No que respecta ó lugar da arbitraxe, hai que destacar que se permite a celebración de audiencias e de deliberacións en sede distinta da da arbitraxe. A determinación do lugar ou sede da arbitraxe é xuridicamente relevante en moitos aspectos, pero a súa fixación non debe supor rixidez para o desenvolvemento do procedemento.

O inicio da arbitraxe fíxase no momento en que unha parte recibe o requirimento da outra de someter-la controversia a decisión arbitral. Parece lóxico que os efectos xurídicos propios do inicio da arbitraxe se produzan xa nese momento, incluso aínda que non estea perfectamente delimitado o obxecto da controversia. As solucións alternativas permitirían actuacións tendentes a dificultalo procedemento.

A determinación do idioma ou idiomas da arbitraxe correspóndelles lóxicamente ás partes e, no seu defecto, ós árbitros. Non obstante, salvo que algunha das partes se opoña, permítese que se acheguen documentos ou se practiquen actuacións en idioma non oficial da arbitraxe sen necesidade de tradución. Con iso conságrase unha regra práctica moi estendida, que admite a achega de documentos ou declaracións noutro idioma.

Na arbitraxe non se reproducen necesariamente sempre as posicións procesuais activa e pasiva dun proceso xudicial; ou non nos mesmos termos. Á fin e ó cabo, a determinación do obxecto da controversia, sempre dentro do ámbito do convenio arbitral, prodúcese de forma progresiva. Sen embargo, a práctica arbitral demostra que quen inicia a arbitraxe formula en todo caso unha pretensión fronte á parte ou partes contrarias e convértese, por tanto, en demandante; e iso sen prexuízo de que o demandado poida reconvir. Parece, por tanto, razoable que, sen prexuízo da liberdade das partes, o procedemento arbitral se estructure sobre a base dunha dualidade de posicións entre demandante e demandado. Esta conveniencia, porén, debe ser flexibilizada á hora de configurar os requisitos dos actos das partes en defensa da súas respectivas posicións. Deste modo, non se establecen propiamente requisitos de forma e contido dos escritos de alegacións das partes. A función da demanda e da contestación a que se refire o artigo 29 non é senón a de ilustra-los árbitros sobre o obxecto da controversia, sen prexuízo de alegacións posteriores. Non entran aquí en xogo as regras propias dos procesos xudiciais en canto a requisitos de demanda e contestación, documentos que se xunten ou preclusión. O procedemento arbitral, incluso en defecto de acordo das partes, configúrase con gran flexibilidade, acorde coas esixencias da institución.

Esa flexibilidade dáse tamén no desenvolvemento ulterior do procedemento. Cabe que o procedemento sexa en certos casos predominantemente escrito, se as circunstancias do caso non esixen a celebración de audiencias. Sen embargo, a regra é a celebración de audiencias para a práctica de probas. A lei trata de evitar, ademais, que a inactividade das partes poida paraliza-la arbitraxe ou compromete-la validez do laudo.

A fase probatoria da arbitraxe está tamén presidida pola máxima liberdade das partes e dos árbitros —sempre que se respecten o dereito de defensa e o principio de igualdade— e pola máxima flexibilidade. A lei establece unicamente normas sobre a proba pericial, de singular importancia na arbitraxe contemporánea, aplicables en defecto de vontade das partes. Estas normas están encamiñadas a permitir tanto os dictames emitidos por peritos designados directamente polas partes como os emitidos por peritos designados, de oficio ou por instancia de parte, polos árbitros, e a garanti-la debida contradición respecto da pericia.

Regúlase igualmente a asistencia xudicial para a práctica de probas, que é unha das tradicionais funcións de apoio xudicial á arbitraxe. A asistencia non ten que consistir necesariamente en que o tribunal practique determinadas probas; en certos casos, bastará con outras medidas que lles permitan ós árbitros practicalas por si mesmos, como, por exemplo, medidas de aseguramento ou requirimentos de exhibición de documentos.

VII

O título VI dedícase ó laudo e a outras posibles formas de terminación do procedemento arbitral. O artigo 34 regula a importante cuestión de qué normas se lle deben de aplicar á resolución do fondo da controversia, sobre a base dos seguintes criterios: 1.º) A premisa é, unha vez máis, coma na Lei de 1988, a liberdade das partes. 2.º) Invértese a regra que a Lei de 1988 contiña a favor da arbitraxe de equidade. A preferencia pola arbitraxe de dereito en defecto de acordo das partes é a orientación máis xeneralizada no panorama comparado. Resulta, ademais, moi discutible que a vontade das partes de se someteren a arbitraxe, sen máis especificacións, se poida presumir que inclúa a de que a controversia sexa resolta en equidade e non sobre a base dos mesmos criterios xurídicos ca se debese resolver un tribunal. A arbitraxe de equidade queda limitada ós casos en que as partes o pactasen expresamente, xa sexa a través dunha remisión literal á «equidade», ou a termos similares como decisión «en conciencia», «ex aequo et bono», ou que o árbitro actuará como «amigable compoñedor». Non obstante, se as partes autorizan a decisión en equidade e asemade sinalan normas xurídicas aplicables, os árbitros non poden ignorar esta última indicación. 3.º) Seguindo a orientación dos ordenamentos máis avanzados, suprímese a esixencia de que o dereito aplicable deba ter relación coa relación xurídica ou coa controversia, xa que se trata dun requisito de difusos contornos e difícil control. 4.º) A lei prefere a expresión «normas xurídicas aplicables» á de «dereito aplicable», na medida en que esta última parece engloba-la esixencia de remisión a un concreto ordenamento xurídico dun Estado, cando nalgúns casos o que se debe aplicar son normas de varios ordenamentos ou regras comúns do comercio internacional. 5.º) A lei non suxeita os árbitros a un sistema de regras de conflito.

Na adopción de decisións, cando se trata dun colexio arbitral, e sen prexuízo das regras que directa ou indirectamente poidan fixa-las partes, mantense a lóxica regra da maioría e a de que na falta de decisión maioritaria decide o presidente. Introdúcese a norma que permite habilita-lo presidente para decidir cuestións de procedemento, entendéndose por tales, para estes efectos, non calquera cuestión distinta ó fondo da controversia, senón, máis limitadamente, as relativas á mera tramitación ou impulso procesuais.

Prevese a posibilidade de os árbitros dictaren un laudo sobre a base do contido dun acordo previo alcanzado polas partes. Esta previsión, que podería reputarse innecesaria —dado que as partes teñen poder de disposición sobre o obxecto da controversia—, non o é, porque a través da súa incorporación a un laudo o contido do acordo adquire a eficacia xurídica daquel. Os árbitros non poden rexeitar esta petición discrecionalmente, senón só por unha causa xurídica fundada. A lei non fai senón dar cobertura legal a algo xa frecuente na práctica e que non merece ningunha obxección.

En canto ó contido do laudo, débese destacalo recoñecemento legal da posibilidade de dictar laudos parciais, que poden versar sobre algunha parte do fondo da controversia ou sobre outras cuestións, como a competencia dos árbitros ou medidas cautelares. A lei pretende dar cabida a fórmulas flexibles de resolución dos litixios que son comúns na práctica arbitral. Así, por exemplo, que primeiro se decida acerca de se existe responsabilidade do demandado e só despois se decida, se é o caso, a contía da condena. O laudo parcial ten o mesmo valor que o laudo definitivo e, respecto da cuestión que resolve, o seu contido é invariable.

Respecto da forma do laudo, débese destacar que —analogamente ó disposto para o convenio arbitral— a lei permite non só que o laudo conste por escrito en soportes electrónicos, ópticos ou doutro tipo, senón tamén que non conste en forma escrita, sempre que en todo caso quede constancia do seu contido e sexa accesible para a súa ulterior consulta. Tanto na regulación dos requisitos de forma do convenio arbitral coma na dos do laudo a lei considera necesario admiti-la utilización de calquera tecnoloxía que cumpra os requisitos sinalados. Poden, pois, desenvolverse arbitraxes en que se utilicen tan só soportes informáticos, electrónicos ou dixitais, se as partes así o consideran conveniente.

A lei introduce a novidade de que o prazo para emitir-lo laudo, en defecto de acordo das partes, se compute desde a presentación da contestación ou desde a expiración do prazo para presentala. Esta novidade responde á necesidade de que a celeridade propia da arbitraxe sexa adecuada ás esixencias prácticas. Un prazo de seis meses desde a aceptación dos árbitros revelouse en non poucos casos de imposible cumprimento e obriga en ocasións a unha tramitación excesivamente rápida ou á omisión de certos actos de alegación ou, sobre todo, de proba, pola esixencia de cumprilo prazo para dictalo laudo. A lei considera que é igualmente razoable que a prórroga do prazo poida ser acordada polos árbitros directamente e que non necesite o acordo de tódalas partes. O freo a un posible atraso inxustificable na decisión da controversia encóntrase, entre outras causas, na responsabilidade dos árbitros.

En materia de condena en custas introdúcense certas precisións sobre o seu contido posible.

Suprímese o carácter preceptivo da protocolización notarial do laudo. Esta esixencia é descoñecida en practicamente tódalas lexislacións de arbitraxe, polo que se opta por non mantela, agás que algunha das partes o pida antes de o laudo se notificar, por consideralo conveniente ós seus intereses. O laudo é, por tanto, válido e eficaz aínda que non fose protocolizado, de modo que o prazo para exercita-la acción de anulación transcorre desde a súa notificación, sen que sexa necesario que a protocolización, cando fose pedida, preceda a notificación. E tampouco a forza executiva do laudo se fai depender da súa protocolización, aínda que no proceso de execución, chegado o caso, o executado poderá facer

valer por vía de oposición a falta de autenticidade do laudo, suposto que se pode presumir excepcional.

A lei recolle determinadas formas de terminación anormal do procedemento arbitral e dá resposta ó problema da extensión do deber dos árbitros de custodia das actuacións.

Na regulación da corrección e aclaración do laudo modifícanse os prazos, para facelos máis adecuados á realidade, e distínguese en función de que a arbitraxe sexa interna ou internacional, dado que neste último caso pode ben suceder que as dificultades de deliberación dos árbitros nun mesmo lugar sexan maiores. Introdúcese ademais a figura do complemento do laudo para suplir omisións.

VIII

O título VII regula a anulación e revisión do laudo. Respecto da anulación, evítase a expresión «recurso», por resultar tecnicamente incorrecta. O que se inicia coa acción de anulación é un proceso de impugnación da validez do laudo. Séguese partindo da base de que os motivos de anulación do laudo deben ser taxados e non deben permitir, como regra xeral, unha revisión do fondo da decisión dos árbitros. O elenco dos motivos e a súa apreciabilidade de oficio ou só por instancia de parte inspíranse na lei modelo. Amplíase o prazo para o exercicio da acción de anulación, o que non debe prexudic-la parte que obtivese pronunciamentos de condena ó seu favor, porque o laudo, mesmo impugnado, ten forza executiva.

O procedemento para o exercicio da acción de anulación trata de conxuga-las esixencias de rapidez e de mellor defensa das partes. Así, tras unha demanda e unha contestación escritas, séguese os trámites do xuízo verbal.

IX

O título VIII dedícase á execución forzosa do laudo. En realidade, a Lei de axuízamento civil contén tódalas normas, tanto xerais coma específicas, sobre esta materia. Esta lei ocúpase unicamente da posibilidade de execución forzosa do laudo durante a pendencia do procedemento en que se exercite a acción de anulación. A lei opta por atribuírlle forza executiva ó laudo aínda que sexa obxecto de impugnación. Ningún sentido tería que a executividade do laudo dependese da súa firmeza nun ordenamento que permite amplamente a execución provisional de sentencias. A executividade do laudo non firme vese matizada pola facultade do executado de obter-la suspensión da execución mediante a prestación de caución para responder do debido, máis as custas e os danos e perdas derivados da demora na execución. Trátase dunha regulación que trata de pondera-los intereses de executante e executado.

X

O título IX regula o exequátur de laudos estranxeiros, composto por un único precepto en que, ademais de se mante-la definición de laudo estranxeiro como aquel que non foi dictado en España, se fai un reenvío ós convenios internacionais en que España sexa parte e, sobre todo, ó Convenio de Nova York de 1958. Dado que España non formulou ningunha reserva a este convenio, resulta apli-

cable con independencia da natureza comercial ou non da controversia e de se o laudo foi ou non dictado nun Estado parte no convenio. Isto significa que o ámbito de aplicación do Convenio de Nova York en España fai innecesario un réxime legal interno de exequátur de laudos estranxeiros, sen prexuízo do que puidesen dispor outros convenios internacionais máis favorables.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei aplicarase ás arbitaxes cando o lugar destas se encontre dentro do territorio español, sexan de carácter interno ou internacional, sen prexuízo do establecido en tratados de que España sexa parte ou en leis que conteñan disposicións especiais sobre arbitaxe.

2. As normas contidas nos puntos 3, 4 e 6 do artigo 8, no artigo 9, excepto o punto 2, nos artigos 11 e 23 e nos títulos VIII e IX desta lei aplicaranse mesmo cando o lugar da arbitaxe se encontre fóra de España.

3. Esta lei será de aplicación supletoria ás arbitaxes previstas noutras leis.

4. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta lei as arbitaxes laborais.

Artigo 2. *Materias obxecto de arbitaxe.*

1. Son susceptibles de arbitaxe as controversias sobre materias de libre disposición conforme co dereito.

2. Cando a arbitaxe sexa internacional e unha das partes sexa un Estado ou unha sociedade, organización ou empresa controlada por un Estado, esa parte non poderá invocar as prerrogativas do seu propio dereito para se subtraer ás obrigas dimanantes do convenio arbitral.

Artigo 3. *Arbitaxe internacional.*

1. A arbitaxe terá carácter internacional cando nela concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que, no momento de celebración do convenio arbitral, as partes teñan os seus domicilios en Estados diferentes.

b) Que o lugar da arbitaxe, determinado no convenio arbitral ou conforme este, o lugar de cumprimento dunha parte substancial das obrigas da relación xurídica de que dimane a controversia ou o lugar con que esta teña unha relación máis estreita, estea situado fóra do Estado en que as partes teñan os seus domicilios.

c) Que a relación xurídica da cal dimane a controversia afecte intereses do comercio internacional.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, se algunha das partes ten máis dun domicilio, haberá que aterse ó que garde unha relación máis estreita co convenio arbitral; e se unha parte non ten ningún domicilio, haberá que aterse á súa residencia habitual.

Artigo 4. *Regras de interpretación.*

Cando unha disposición desta lei:

a) Lles deixe ás partes a facultade de decidiren libremente sobre un asunto, esa facultade comprenderá a de lle autorizar a un terceiro, incluída unha institución

arbitral, que adopte esa decisión, excepto no caso previsto no artigo 34.

b) Se refira ó convenio arbitral ou a calquera outro acordo entre as partes, entenderase que integran o seu contido as disposicións do regulamento de arbitaxe a que as partes se sometesen.

c) Se refira á demanda, aplicarase tamén á reconvencción, e cando se refira á contestación, aplicarase así mesmo á contestación a esa reconvencción, excepto nos casos previstos na alínea a) do artigo 31 e na alínea a) do punto 2 do artigo 38.

Artigo 5. *Notificacións, comunicacións e cómputo de prazos.*

Salvo acordo en contrario das partes e con exclusión, en todo caso, dos actos de comunicación realizados dentro dun procedemento xudicial, aplicaranse as disposicións seguintes:

a) Toda notificación ou comunicación considerárase recibida o día en que lle fose entregada persoalmente ó destinatario ou en que fose entregada no seu domicilio, residencia habitual, establecemento ou enderezo. Así mesmo, será válida a notificación ou comunicación realizada por télex, fax ou outro medio de telecomunicación electrónico, telemático ou doutra clase semellante que permitan o envío e a recepción de escritos e documentos deixando constancia da súa remisión e recepción e que fosen designados polo interesado. No suposto de que non se descubra, tras unha indagación razoable, ningún deses lugares, considerárase recibida o día en que fose entregada ou intentada a súa entrega, por correo certificado ou calquera outro medio que deixe constancia, no último domicilio, residencia habitual, enderezo ou establecemento coñecidos do destinatario.

b) Os prazos establecidos nesta lei computaranse desde o día seguinte ó de recepción da notificación ou comunicación. Se o último día do prazo for festivo no lugar de recepción da notificación ou comunicación, prorrogarase ata o primeiro día laborable seguinte. Cando dentro dun prazo se deba presentar un escrito, o prazo entenderase cumprido se o escrito se remite dentro daquel, aínda que a recepción se produza con posterioridade. Os prazos establecidos por días computaranse por días naturais.

Artigo 6. *Renuncia tácita ás facultades de impugnación.*

Se unha parte, coñecendo a infracción dalgunha norma dispositiva desta lei ou dalgún requisito do convenio arbitral, non a denunciase dentro do prazo previsto para iso ou, no seu defecto, tan pronto como lle sexa posible, considerárase que renuncia ás facultades de impugnación previstas nesta lei.

Artigo 7. *Intervención xudicial.*

Nos asuntos que se rexan por esta lei non intervirá ningún tribunal, salvo nos casos en que esta así o dispoña.

Artigo 8. *Tribunais competentes para as funcións de apoio e control da arbitaxe.*

1. Para o nomeamento xudicial de árbitros será competente o xulgado de primeira instancia do lugar

da arbitrase; de non estar este aínda determinado, o do domicilio ou residencia habitual de calquera dos demandados; se ningún deles tivese domicilio ou residencia habitual en España, o do domicilio ou residencia habitual do demandante, e se este tampouco os tivese en España, o da súa elección.

2. Para a asistencia xudicial na práctica de probas será competente o xulgado de primeira instancia do lugar da arbitrase ou o do lugar onde tiver que se presta-la asistencia.

3. Para a adopción xudicial de medidas cautelares será tribunal competente o do lugar en que o laudo deba ser executado e, no seu defecto, o do lugar onde as medidas deban produci-la súa eficacia, de conformidade co previsto no artigo 724 da Lei de axuízamento civil.

4. Para a execución forzosa do laudo será competente o xulgado de primeira instancia do lugar en que se dictase, de acordo co previsto no punto 2 do artigo 545 da Lei de axuízamento civil e, se é o caso, o previsto no artigo 958 da Lei de axuízamento civil de 1881.

5. Para coñecer da acción de anulación do laudo será competente a audiencia provincial do lugar onde aquel se dictase.

6. Para o exequátur de laudos estranxeiros será competente o órgano xurisdiccional ó cal o ordenamento procesual civil lle atribúa a execución das sentencias dictadas por tribunais estranxeiros.

TÍTULO II

Do convenio arbitral e os seus efectos

Artigo 9. *Forma e contido do convenio arbitral.*

1. O convenio arbitral, que poderá adopta-la forma de cláusula incorporada a un contrato ou de acordo independente, deberá expresa-la vontade das partes de someter a arbitrase todas ou algunhas das controversias que xurdisen ou poidan xurdir respecto dunha determinada relación xurídica, contractual ou non contractual.

2. Se o convenio arbitral está contido nun contrato de adhesión, a validez do dito convenio e a súa interpretación rexeranse polo disposto nas normas aplicables a ese tipo de contrato.

3. O convenio arbitral deberá constar por escrito, nun documento asinado polas partes ou nun intercambio de cartas, telegramas, télex, fax ou outros medios de telecomunicación que deixen constancia do acordo.

Considerarase cumprido este requisito cando o convenio arbitral conste e sexa accesible para a súa ulterior consulta en soporte electrónico, óptico ou doutro tipo.

4. Considerarase incorporado ó acordo entre as partes o convenio arbitral que conste nun documento a que estas se remitisen en calquera das formas establecidas no punto anterior.

5. Considerarase que hai convenio arbitral cando nun intercambio de escritos de demanda e contestación a súa existencia sexa asinada por unha parte e non negada pola outra.

6. Cando a arbitrase for internacional, o convenio arbitral será válido e a controversia será susceptible de arbitrase se cumpren os requisitos establecidos polas normas xurídicas elixidas polas partes para rexe-lo convenio arbitral, ou polas normas xurídicas aplicables ó fondo da controversia, ou polo dereito español.

Artigo 10. *Arbitrase testamentaria.*

Tamén será válida a arbitrase instituída por disposición testamentaria para solucionar diferencias entre herdeiros non forzosos ou legatarios por cuestións relativas á distribución ou administración da herdanza.

Artigo 11. *Convenio arbitral e demanda en canto ó fondo ante un tribunal.*

1. O convenio arbitral obriga as partes a cumpri-lo estipulado e impídelles ós tribunais coñecer das controversias sometidas a arbitrase, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.

2. A declinatoria non impedirá a iniciación ou prosecución das actuacións arbitrais.

3. O convenio arbitral non lles impedirá a ningunha das partes, con anterioridade ás actuacións arbitrais ou durante a súa tramitación, solicitar dun tribunal a adopción de medidas cautelares nin a este concedelas.

TÍTULO III

Dos árbitros

Artigo 12. *Número de árbitros.*

As partes poderán fixar libremente o número de árbitros, sempre que sexa impar. Na falta de acordo, designarase un só árbitro.

Artigo 13. *Capacidade para ser árbitro.*

Poden ser árbitros as persoas naturais que se encontren no pleno exercicio dos seus dereitos civís, sempre que non llelo impida a lexislación a que poidan estar sometidos no exercicio da súa profesión. Salvo acordo en contrario das partes, a nacionalidade dunha persoa non será obstáculo para que actúe como árbitro.

Artigo 14. *Arbitrase institucional.*

1. As partes poderanlles encomenda-la administración da arbitrase e a designación de árbitros a:

a) Corporacións de dereito público que poidan desempeñar funcións arbitrais, segundo as súas normas reguladoras, e en particular o Tribunal de Defensa da Competencia.

b) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro nos estatutos das cales se prevexan funcións arbitrais.

2. As institucións arbitrais exercerán as súas funcións conforme os seus propios regulamentos.

Artigo 15. *Nomeamento dos árbitros.*

1. Nas arbitraxes internas que non se deban decidir en equidade de acordo co artigo 34, requirirase a condición de avogado en exercicio, salvo acordo expreso en contrario.

2. As partes poderán acordar libremente o procedemento para a designación dos árbitros, sempre que non se vulnere o principio de igualdade. Na falta de acordo, aplicaranse as seguintes regras:

a) Na arbitrase cun só árbitro, este será nomeado polo tribunal competente por petición de calquera das partes.

b) Na arbitrase con tres árbitros, cada parte nomeará un e os dous árbitros así designados nomearán o terceiro, quen actuará como presidente do colexio arbitral. Se unha parte non nomea o árbitro dentro dos 30 días seguintes á recepción do requirimento da outra para que o faga, a designación do árbitro faraa o tribunal competente, por petición de calquera das partes. O mesmo se aplicará cando os árbitros designados non consigan pórse de acordo sobre o terceiro árbitro dentro dos 30 días contados desde a última aceptación.

En caso de pluralidade de demandantes ou de demandados, estes nomearán un árbitro e aqueles outro. Se os demandantes ou os demandados non se puxesen de acordo sobre o árbitro que lles corresponde nomear, tódolos árbitros serán designados polo tribunal competente por petición de calquera das partes.

c) Na arbitrase con máis de tres árbitros, todos serán nomeados polo tribunal competente por petición de calquera das partes.

3. Se non resultar posible designar árbitros a través do procedemento acordado polas partes, calquera delas lle poderá solicitar ó tribunal competente o nomeamento dos árbitros ou, se é o caso, a adopción das medidas necesarias para iso.

4. As pretensións que se exerciten en relación co previsto nos puntos anteriores substanciaranse polas canles do xuízo verbal.

5. O tribunal unicamente poderá rexeita-la petición formulada cando aprecie que, dos documentos achegados, non resulta a existencia dun convenio arbitral.

6. Se procede a designación de árbitros polo tribunal, este confeccionará unha lista con tres nomes por cada árbitro que deba ser nomeado. Ó confecciona-la dita lista o tribunal terá en conta os requisitos establecidos polas partes para ser árbitro e tomará as medidas necesarias para garanti-la súa independencia e imparcialidade. No suposto de que proceda designar un só árbitro ou un terceiro árbitro, o tribunal terá tamén en conta a conveniencia de nomear un árbitro de nacionalidade distinta á das partes e, se é o caso, á dos árbitros xa designados, á vista das circunstancias concurrentes. A continuación, procederase ó nomeamento dos árbitros mediante sorteo.

7. Contra as resolucións definitivas que decidan sobre as cuestións atribuídas neste artigo ó tribunal competente non caberá ningún recurso, salvo aquelas que rexeiten a petición formulada de conformidade co establecido no punto 5.

Artigo 16. *Aceptación dos árbitros.*

Salvo que as partes dispuxesen outra cousa, cada árbitro, dentro do prazo de 15 días contados desde o seguinte ó da comunicación do nomeamento, deberá comunica-la súa aceptación a quen o designou. Se no prazo establecido non comunica a aceptación, entenderase que non acepta o seu nomeamento.

Artigo 17. *Motivos de abstención e recusación.*

1. Todo árbitro debe ser e permanecer durante a arbitrase independente e imparcial. En todo caso, non poderá manter coas partes relación persoal, profesional ou comercial.

2. A persoa proposta para ser árbitro deberá revelar tódalas circunstancias que poidan dar lugar a

dúbidas xustificadas sobre a súa imparcialidade e independencia. O árbitro, a partir do seu nomeamento, revelarlles ás partes sen demora calquera circunstancia sobrevida.

En calquera momento da arbitrase calquera das partes lles poderá pedir ós árbitros a aclaración das súas relacións con algunhas das outras partes.

3. Un árbitro só poderá ser recusado se concorren nel circunstancias que dean lugar a dúbidas xustificadas sobre a súa imparcialidade ou independencia, ou se non posúe as cualificacións convidadas polas partes. Unha parte só poderá recusa-lo árbitro nomeado por ela, ou no nomeamento do cal participase, por causas das cales tivese coñecemento despois da súa designación.

Artigo 18. *Procedemento de recusación.*

1. As partes poderán acordar libremente o procedemento de recusación dos árbitros.

2. Na falta de acordo, a parte que recuse un árbitro exporá os motivos dentro dos quince días seguintes a aquel en que teña coñecemento da aceptación ou de calquera das circunstancias que poidan dar lugar a dúbidas xustificadas sobre a súa imparcialidade ou independencia. A menos que o árbitro recusado renuncie ó seu cargo ou que a outra parte acepte a recusación, corresponderalles ós árbitros decidir sobre esta.

3. Se non prosperase a recusación formulada conforme o procedemento acordado polas partes ou o establecido no punto anterior, a parte recusante poderá, se é o caso, facer vale-la recusación ó impugna-lo laudo.

Artigo 19. *Falta ou imposibilidade de exercicio das funcións.*

1. Cando un árbitro se vexa impedido de feito ou de dereito para exercer-las súas funcións, ou por calquera outro motivo non as exerza dentro dun prazo razoable, cesará no seu cargo se renuncia ou se as partes acordan a súa remoción. Se existe desacordo sobre a remoción e as partes non estipularon un procedemento para salvalo dito desacordo, aplicaranse as seguintes regras:

a) A pretensión de remoción substanciarase polos trámites do xuízo verbal. Poderase acumula-la solicitude de nomeamento de árbitros, nos termos previstos no artigo 15, para o caso de que se estime a de remoción.

Contra as resolucións definitivas que se dicten non caberá ningún recurso.

b) Na arbitrase con pluralidade de árbitros os demais árbitros decidirán a cuestión. Se non puidesen alcanzar unha decisión, aplicarase o disposto no parágrafo anterior.

2. A renuncia dun árbitro ó seu cargo ou a aceptación por unha das partes do seu cesamento, conforme o disposto neste artigo ou no punto 2 do artigo anterior, non se considerará como un recoñecemento da procedencia de ningún dos motivos mencionados nas citadas normas.

Artigo 20. *Nomeamento de árbitro substituto.*

1. Calquera que sexa a causa por que haxa que designar un novo árbitro, farase segundo as normas reguladoras do procedemento de designación do substituído.

2. Unha vez nomeado o substituto, os árbitros, logo de audiencia das partes, decidirán se procede repetir actuacións xa practicadas.

Artigo 21. Responsabilidade dos árbitros e das institucións arbitrais. Provisión de fondos.

1. A aceptación obriga os árbitros e, se é o caso, a institución arbitral, a cumpriren fielmente o encargo, incorrendo, se non o fixeren, en responsabilidade polos danos e perdas que causaren por mala fe, temeridade ou dolo. Nas arbitraxes encomendadas a unha institución, o prexudicado terá acción directa contra esta, con independencia das accións de resarcimento que asistan aquela contra os árbitros.

2. Agás pacto en contrario, tanto os árbitros coma a institución arbitral lles poderán esixir ás partes as provisións de fondos que estimen necesarias para atender os honorarios e gastos dos árbitros e os que se poidan producir na administración da arbitraxe. Na falta de provisión de fondos polas partes, os árbitros poderán suspender ou dar por concluídas as actuacións arbitrais. Se dentro do prazo algunha das partes non realizou a súa provisión, os árbitros, antes de acordaren a conclusión ou suspensión das actuacións, comunicaránlle ás demais partes, por se tiveren interese en suplila dentro do prazo que lles fixaren.

TÍTULO IV**Da competencia dos árbitros****Artigo 22. Potestade dos árbitros para decidiren sobre a súa competencia.**

1. Os árbitros estarán facultados para decidir sobre a súa propia competencia, incluso sobre as excepcións relativas á existencia ou á validez do convenio arbitral ou calquera outra se a súa estimación impide entrar no fondo da controversia. Para este efecto, o convenio arbitral que forme parte dun contrato considerárase como un acordo independente das demais estipulacións deste. A decisión dos árbitros que declare a nulidade do contrato non entrará por si soa a nulidade do convenio arbitral.

2. As excepcións a que se refire o punto anterior deberánse opor, como moi tarde, no momento de presenta-la contestación, sen que o feito de ter designado ou participado no nomeamento dos árbitros impida opolas. A excepción consistente en que os árbitros se exceden do ámbito da súa competencia deberá oporse tan pronto como se formule, durante as actuacións arbitrais, a materia que exceda do dito ámbito.

Os árbitros só poderán admitir excepcións opostas con posterioridade se a demora resulta xustificada.

3. Os árbitros poderán decidir as excepcións de que trata este artigo con carácter previo ou xunto coas demais cuestións sometidas á súa decisión relativas ó fondo do asunto. A decisión dos árbitros só se poderá impugnar mediante o exercicio da acción de anulación do laudo en que se adoptase. Se a decisión fose desestimatoria das excepcións e se adoptase con carácter previo, o exercicio da acción de anulación non suspenderá o procedemento arbitral.

Artigo 23. Potestade dos árbitros de adoptaren medidas cautelares.

1. Salvo acordo en contrario das partes, os árbitros poderán, por instancia de calquera delas, adoptar as medidas cautelares que estimen necesarias respecto do obxecto do litixio. Os árbitros poderánlle esixir caución suficiente ó solicitante.

2. Ás decisións arbitrais sobre medidas cautelares, calquera que sexa a forma que revistan, seranlles de aplicación as normas sobre anulación e execución forzosa de laudos.

TÍTULO V**Da substanciación das actuacións arbitrais****Artigo 24. Principios de igualdade, audiencia e contradicción.**

1. Deberanse trata-las partes con igualdade e darlles a cada unha delas suficiente oportunidade de facer valer os seus dereitos.

2. Os árbitros, as partes e as institucións arbitrais, se é o caso, están obrigadas a garda-la confidencialidade das informacións que coñezan a través das actuacións arbitrais.

Artigo 25. Determinación do procedemento.

1. Conforme o disposto no artigo anterior, as partes poderán convir libremente o procedemento a que se deban axusta-las os árbitros nas súas actuacións.

2. Na falta de acordo, os árbitros poderán, con suxeición ó disposto nesta lei, dirixi-la arbitraxe do modo que consideren apropiado. Esta potestade dos árbitros comprende a de decidir sobre admisibilidade, pertinencia e utilidade das probas, sobre a súa práctica, incluso de oficio, e sobre a súa valoración.

Artigo 26. Lugar da arbitraxe.

1. As partes poderán determinar libremente o lugar da arbitraxe. Na falta de acordo, determinarano os árbitros, atendidas as circunstancias do caso e a conveniencia das partes.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os árbitros poderán, logo de consulta ás partes e salvo acordo en contrario destas, reunirse en calquera lugar que estimen apropiado para oír-las testemuñas, os peritos ou as partes, ou para examinar ou recoñecer obxectos, documentos ou persoas. Os árbitros poderán celebrar deliberacións en calquera lugar que estimen apropiado.

Artigo 27. Inicio da arbitraxe.

Salvo que as partes conviñesen outra cosa, a data en que o demandado recibise o requirimento de somete-la controversia a arbitraxe considerárase a de inicio da arbitraxe.

Artigo 28. Idioma da arbitraxe.

1. As partes poderán acordar libremente o idioma ou os idiomas da arbitraxe. Na falta de acordo, decidirán os árbitros, atendidas as circunstancias do caso. Salvo que no acordo das partes ou na decisión dos árbitros se previse outra cousa, o idioma ou os idiomas establecidos utilizaranse nos escritos das partes, nas audiencias, nos laudos e nas decisións ou comunicacións dos árbitros.

2. Os árbitros, salvo oposición dalgunha das partes, poderán ordenar que, sen necesidade de proceder á súa tradución, calquera documento sexa achegado ou calquera actuación realizada en idioma distinto ó da arbitraxe.

Artigo 29. *Demanda e contestación.*

1. Dentro do prazo convido polas partes ou determinado polos árbitros e a menos que as partes acordasen outra cousa respecto do contido da demanda e da contestación, o demandante deberá alega-los feitos en que se funda, a natureza e as circunstancias da controversia e as pretensións que formula, e o demandado poderá responder ó formulado na demanda. As partes, ó formularen as súas alegacións, poderán achegar tódolos documentos que consideren pertinentes ou facer referencia ós documentos ou outras probas que vaian presentar ou propor.

2. Salvo acordo en contrario das partes, calquera delas poderá modificar ou amplía-la súa demanda ou contestación durante o curso das actuacións arbitrais, a menos que os árbitros o consideren improcedente por razón da demora con que se fixesen.

Artigo 30. *Forma das actuacións arbitrais.*

1. Salvo acordo en contrario das partes, os árbitros decidirán se se deben celebrar audiencias para a presentación de alegacións, a práctica de probas e a emisión de conclusións, ou se as actuacións se substanciarán soamente por escrito. Non obstante, a menos que as partes conviñesen que non se celebren audiencias, os árbitros sinalaranas, na fase apropiada das actuacións, se calquera das partes o solicita.

2. As partes serán citadas a tódalas audiencias con suficiente antelación e poderán intervir nelas directamente ou por medio dos seus representantes.

3. De tódalas alegacións escritas, documentos e demais instrumentos que unha parte lles achegue ós árbitros darase traslado á outra parte. Así mesmo, poranse á disposición das partes os documentos, dictames periciais e outros instrumentos probatorios en que os árbitros poidan funda-la súa decisión.

Artigo 31. *Falta de comparecencia das partes.*

Salvo acordo en contrario das partes, cando, sen alegar causa suficiente a xuízo dos árbitros:

a) O demandante non presente a súa demanda en prazo, os árbitros darán por rematadas as actuacións, a menos que, oído o demandado, este manifeste a súa vontade de exercitar algunha pretensión.

b) O demandado non presente a súa contestación en prazo, os árbitros continuarán as actuacións, sen que esa omisión se considere como conformidade coa demanda ou admisión dos feitos alegados polo demandante.

c) Unha das partes non compareza a unha audiencia ou non presente probas, os árbitros poderán continua-las actuacións e dicta-lo laudo con fundamento nas probas de que dispoñan.

Artigo 32. *Nomeamento de peritos polos árbitros.*

1. Salvo acordo en contrario das partes, os árbitros poderán nomear, de oficio ou por instancia de parte, un ou máis peritos para que dictaminen sobre materias concretas e requirirille a calquera das partes que lle facilite ó perito toda a información pertinente, lle presente para a súa inspección tódolos documentos ou obxectos pertinentes ou lle proporcione acceso a eles.

2. Salvo acordo en contrario das partes, cando unha parte o solicite ou cando os árbitros o consideren necesario, todo perito, despois da presentación do seu dictame, debe-

rá participar nunha audiencia en que os árbitros e as partes, por si ou asistidas de peritos, o poderán interrogar.

3. O previsto nos puntos precedentes enténdese sen prexuízo da facultade das partes, salvo acordo en contrario, de achegaren dictames periciais por peritos libremente designados.

Artigo 33. *Asistencia xudicial para a práctica de probas.*

1. Os árbitros ou calquera das partes coa súa aprobación poderán solicitar do tribunal competente asistencia para a práctica de probas, de conformidade coas normas que lle sexan aplicables sobre medios de proba. Esta asistencia poderá consistir na práctica da proba ante o tribunal competente ou na adopción por este das concretas medidas necesarias para que a proba poida ser practicada ante os árbitros.

2. Se así se lle solicita, o tribunal practicará a proba baixo a súa exclusiva dirección. Noutro caso, o tribunal limitarase a acorda-las medidas pertinentes. En ámbolos supostos o tribunal entregarálle ó solicitante testemuño das actuacións.

TÍTULO VI

Do pronunciamento do laudo e da terminación das actuacións

Artigo 34. *Normas aplicables ó fondo da controversia.*

1. Os árbitros só decidirán en equidade se as partes os autorizaron expresamente para iso.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, cando a arbitrase sexa internacional, os árbitros decidirán a controversia de conformidade coas normas xurídicas elixidas polas partes. Entenderase que toda indicación do dereito ou ordenamento xurídico dun Estado determinado se refire, a menos que se exprese o contrario, ó dereito substantivo dese Estado e non ás súas normas de conflito de leis.

Se as partes non indican as normas xurídicas aplicables, os árbitros aplicarán as que estimen apropiadas.

3. En todo caso, os árbitros decidirán conforme as estipulacións do contrato e terán en conta os usos aplicables.

Artigo 35. *Adopción de decisións colexiadas.*

1. Cando haxa máis dun árbitro, toda decisión se adoptará por maioría, agás que as partes dispuxesen outra cosa. De non haber maioría, a decisión será tomada polo presidente.

2. Salvo acordo das partes ou dos árbitros en contrario, o presidente poderá decidir por si só cuestións de ordenación, tramitación e impulso do procedemento.

Artigo 36. *Laudo por acordo das partes.*

1. Se durante as actuacións arbitrais as partes chegan a un acordo que poña fin total ou parcialmente á controversia, os árbitros darán por terminadas as actuacións con respecto ós puntos acordados e, se ámbalas partes o solicitan e os árbitros non aprecian motivo para se opor, farán constar ese acordo en forma de laudo nos termos convidos polas partes.

2. O laudo dictarase conforme o disposto no artigo seguinte e terá a mesma eficacia ca calquera outro laudo dictado sobre o fondo do litixio.

Artigo 37. Prazo, forma, contido e notificación do laudo.

1. Salvo acordo en contrario das partes, os árbitros decidirán a controversia nun só laudo ou en tantos laudos parciais como estimen necesarios.

2. De as partes non teren disposto outra cosa, os árbitros deberán decidi-la controversia dentro dos seis meses seguintes á data de presentación da contestación a que se refire o artigo 29 ou de expiración do prazo para presentala. Agás acordo en contrario das partes, este prazo poderá ser prorrogado polos árbitros, por un prazo non superior a dous meses, mediante decisión motivada.

A expiración do prazo sen que se dictase laudo definitivo determinará a terminación das actuacións arbitrais e o cesamento dos árbitros. Non obstante, non afectará a eficacia do convenio arbitral, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incorrido os árbitros.

3. Todo laudo deberá constar por escrito e ser asinado polos árbitros, que poderán expresa-lo seu parecer discrepante. Cando haxa máis dun árbitro, abondarán as sinaturas da maioría dos membros do colexio arbitral ou só a do seu presidente, sempre que se manifesten as razóns da falta dunha ou máis sinaturas.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que o laudo consta por escrito cando do seu contido e sinaturas quede constancia e sexan accesibles para a súa ulterior consulta en soporte electrónico, óptico ou doutro tipo.

4. O laudo deberá ser motivado, a menos que as partes conviñesen outra cosa ou que se trate dun laudo pronunciado nos termos convidados polas partes conforme o artigo anterior.

5. Constarán no laudo a data en que foi dictado e o lugar da arbitrase, determinado de conformidade co punto 1 do artigo 26. O laudo considerarase dictado nese lugar.

6. Con suxeición ó acordado polas partes, os árbitros pronunciaranse no laudo sobre as custas da arbitrase, que incluírán os honorarios e gastos dos árbitros e, se é o caso, os honorarios e gastos dos defensores ou representantes das partes, o custo do servizo prestado pola institución administradora da arbitrase e os demais gastos orixinados no procedemento arbitral.

7. Os árbitros notificaránlle-lo laudo ás partes na forma e no prazo que estas acordasen ou, no seu defecto, mediante entrega a cada unha delas dun exemplar asinado de conformidade co disposto no punto 3, dentro do mesmo prazo establecido no punto 2.

8. O laudo poderá ser protocolizado notarialmente. Calquera das partes, á súa custa, poderá instar dos árbitros, antes da notificación, que o laudo sexa protocolizado.

Artigo 38. Terminación das actuacións.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, sobre notificación e, se é o caso, protocolización do laudo, e no artigo seguinte, sobre a súa corrección, aclaración e complemento, as actuacións arbitrais terminarán e os árbitros cesarán nas súas funcións co laudo definitivo.

2. Os árbitros tamén ordenarán a terminación das actuacións cando:

a) O demandante desista da súa demanda, a menos que o demandado se opoña a iso e os árbitros lle recoñezan un interese lexítimo en obter unha solución definitiva do litixio.

b) As partes acorden dar por rematadas as actuacións.

c) Os árbitros comprobren que a prosecución das actuacións resulta innecesaria ou imposible.

3. Transcorrido o prazo que as partes sinalasen para este fin ou, no seu defecto, o de dous meses desde a terminación das actuacións, cesará a obriga dos árbitros de conservaren a documentación do procedemento. Dentro dese prazo, calquera das partes lles poderá solicitar ós árbitros que lle remitan os documentos presentados por ela. Os árbitros accederán á solicitude sempre que non atente contra o segredo da deliberación arbitral e que o solicitante asuma os gastos correspondentes ó envío, se é o caso.

Artigo 39. Corrección, aclaración e complemento do laudo.

1. Dentro dos 10 días seguintes á notificación do laudo, salvo que as partes acordasen outro prazo, calquera delas poderá, con notificación á outra, solicitarlles ós árbitros:

a) A corrección de calquera erro de cálculo, de copia, tipográfico ou de natureza similar.

b) A aclaración dun punto ou dunha parte concreta do laudo.

c) O complemento do laudo respecto de peticións formuladas e non resoltas nel.

2. Logo de audiencia das demais partes, os árbitros resolverán sobre as solicitudes de corrección de erros e de aclaración no prazo de 10 días, e sobre a solicitude de complemento no prazo de 20 días.

3. Dentro dos 10 días seguintes á data do laudo, os árbitros poderán proceder de oficio á corrección de erros a que se refire a alínea a) do punto 1.

4. O disposto no artigo 37 aplicarase ás resolucións arbitrais sobre corrección, aclaración e complemento do laudo.

5. Cando a arbitrase sexa internacional, os prazos de 10 e 20 días establecidos nos puntos anteriores serán prazos dun e dous meses, respectivamente.

TÍTULO VII**Da anulación e da revisión do laudo****Artigo 40. Acción de anulación do laudo.**

Contra un laudo definitivo poderase exercita-la acción de anulación nos termos previstos neste título.

Artigo 41. Motivos.

1. O laudo só poderá ser anulado cando a parte que solicita a anulación alegue e probe:

a) Que o convenio arbitral non existe ou non é válido.

b) Que non foi debidamente notificada da designación dun árbitro ou das actuacións arbitrais ou non puido, por calquera outra razón, facer vale-los seus dereitos.

c) Que os árbitros resolveron sobre cuestións non sometidas á súa decisión.

d) Que a designación dos árbitros ou o procedemento arbitral non se axustou ó acordo entre as partes, salvo que o dito acordo fose contrario a unha norma imperativa desta lei, ou, na falta do dito acordo, que non se axustaron a esta lei.

e) Que os árbitros resolveron sobre cuestións non susceptibles de arbitraje.

f) Que o laudo é contrario á orde pública.

2. Os motivos contidos nas alíneas b), e) e f) do punto anterior poderán ser apreciados polo tribunal que coñeza da acción de anulación de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal en relación cos intereses dos cales lles está legalmente atribuída a defensa.

3. Nos casos previstos nas alíneas c) e e) do punto 1, a anulación afectará só os pronunciamentos do laudo sobre cuestións non sometidas a decisión dos árbitros ou non susceptibles de arbitraje, sempre que se poidan separar das demais.

4. A acción de anulación do laudo terá que se exercer dentro dos dous meses seguintes á súa notificación ou, en caso de que se solicítase corrección, aclaración ou complemento do laudo, desde a notificación da resolución sobre esta solicitude, ou desde a expiración do prazo para adoptala.

Artigo 42. *Procedemento.*

1. A acción de anulación substanciarase polas canles do xuízo verbal. Non obstante, a demanda deberase presentar conforme o establecido no artigo 399 da Lei de axuízamento civil, acompañada dos documentos xustificativos do convenio arbitral e do laudo, e, se é o caso, conterá a proposición dos medios de proba que o demandante solicite practicar. Da demanda daráselle traslado ó demandado, para que conteste no prazo de 20 días. Na contestación deberá o demandado propo-la medios de proba de que se intente valer. Contestada a demanda ou transcorrido o correspondente prazo, citaranse as partes á vista, na cal o demandante poderá propo-la práctica de proba en relación co alegado polo demandado na súa contestación.

2. Fronte á sentenza que se dicte non caberá ningún recurso.

Artigo 43. *Cousa xulgada e revisión de laudos firmes.*

O laudo firme produce efectos de cousa xulgada e fronte a el só caberá solicita-la revisión conforme o establecido na Lei de axuízamento civil para as sentencias firmes.

TÍTULO VIII

Da execución forzosa do laudo

Artigo 44. *Normas aplicables.*

A execución forzosa dos laudos rexerese polo disposto na Lei de axuízamento civil e neste título.

Artigo 45. *Suspensión, sobresemento e reinicio da execución en caso de exercicio da acción de anulación do laudo.*

1. O laudo é executable mesmo cando contra el se exercitase acción de anulación. Non obstante, nese caso o executado poderalle solicitar ó tribunal competente a suspensión da execución, sempre que ofrezca caución polo valor da condena máis os danos e perdas que puideren derivar da demora na execución do laudo. A caución poderase constituír en calquera das formas previstas no número segundo do punto 3 do artigo 529 da Lei de axuízamento civil. Presentada a solicitude de suspensión, o

tribunal, tras oí-lo executante, resolverá sobre a caución. Contra esta resolución non caberá ningún recurso.

2. Alzarase a suspensión e ordenarase que continúe a execución cando lle conste ó tribunal a desestimación da acción de anulación, sen prexuízo do dereito do executante a solicitar, se é o caso, indemnización dos danos e perdas causados pola demora na execución, a través das canles ordenadas nos artigos 712 e seguintes da Lei de axuízamento civil.

3. Alzarase a execución, cos efectos previstos nos artigos 533 e 534 da Lei de axuízamento civil, cando lle conste ó tribunal que foi estimada a acción de anulación.

Se a anulación afectase só as cuestións a que se refire o punto 3 do artigo 41 e subsistisen outros pronunciamentos do laudo, considerarase estimación parcial, para os efectos previstos no punto 2 do artigo 533 da Lei de axuízamento civil.

TÍTULO IX

Do exequátur de laudos estranxeiros

Artigo 46. *Carácter estranxeiro do laudo. Normas aplicables.*

1. Enténdese por laudo estranxeiro o pronunciado fóra do territorio español.

2. O exequátur de laudos estranxeiros rexerese polo convenio sobre recoñecemento e execución das sentencias arbitrais estranxeiras, feito en Nova York o 10 de xuño de 1958, sen prexuízo do disposto noutros convenios internacionais máis favorables á súa concesión, e substanciarase segundo o procedemento establecido no ordenamento procesual civil para o de sentencias dictadas por tribunais estranxeiros.

Disposición adicional única. *Arbitraxes de consumo.*

Esta lei será de aplicación supletoria á arbitraje a que se refire a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral de defensa de consumidores e usuarios, que nas súas normas de desenvolvemento poderá establece-la decisión en equidade, salvo que as partes opten expresamente pola arbitraje en dereito.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Nos casos en que con anterioridade á entrada en vigor desta lei o demandado recibise o requirimento de somete-la controversia a arbitraje ou se iniciase o procedemento arbitral, este rexerese polo disposto na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje. Non obstante, aplicaranse en todo caso as normas desta lei relativas ó convenio arbitral e ós seus efectos.

2. Ós laudos dictados con posterioridade á entrada en vigor desta lei seranlles de aplicación as normas desta relativas á anulación e á revisión.

3. Os procedementos de execución forzosa de laudos e de exequátur de laudos estranxeiros que se encontraren pendentes no momento da entrada en vigor desta lei seguiranse substanciando polo disposto na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Queda derogada a Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

1. O número 2.º do punto 2 do artigo 517 queda redactado nos seguintes termos:

«2.º Os laudos ou resolucións arbitraris.»

2. Engádesse un novo parágrafo ó número 1.º do punto 1 do artigo 550 coa seguinte redacción:

«Cando o título sexa un laudo, xuntaránselles, ademais, o convenio arbitral e os documentos acreditativos da notificación daquel ás partes.»

3. Adiciónase un número 4.º ó punto 1 do artigo 559 con esta redacción:

«4.º Se o título executivo fose un laudo arbitral non protocolizado notarialmente, a falta de autenticidade deste.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dictase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, establecida no artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23814 *REAL DECRETO 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas. («BOE» 312, do 30-12-2003.)*

O Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, establece os requisitos sanitarios esixibles ás augas minerais naturais, de manancial, potables preparadas e de consumo público envasadas. O devandito real decreto supuxo a incorporación parcial ó noso ordenamento xurídico da Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro de 1998, relativa á calidade das augas destinadas ó consumo humano, así como a actualización da normativa vixente ata esa data sobre as augas de bebida envasadas, constituída polo Real decreto 1164/1991, do 22 de xullo, modificado polo Real decreto 781/1998, do 30 de abril, disposicións que incorporaron ó noso ordenamento as directivas 80/778/CEE, 80/777/CEE e 96/70/CE.

Con posterioridade á aprobación do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, aprobouse o Real decreto

140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, completándose a transposición da referida Directiva 98/83/CE.

Dado que o envasado das augas denominadas «augas de consumo público envasadas» só se realiza conxuntamente para distribución domiciliaria, co único obxecto de suplir ausencias ou insuficiencias accidentais das augas de consumo público distribuídas pola rede xeral de forma gratuíta, e polo tanto non existe comercialización, parece conveniente a súa exclusión do ámbito de aplicación do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, exclusión que agora se efectúa mediante este real decreto.

Por outra parte, a calidade das ditas augas de consumo público, así como o seu proceso de produción e distribución, está xa regulada no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

As augas minerais naturais distínguense das restantes augas potables pola súa natureza, caracterizada polo seu contido en minerais, oligoelementos e outros compoñentes, así como pola súa pureza orixinal. Así mesmo, deben cumprir certas especificacións microbiolóxicas, parasitolóxicas, químicas e de pureza, recollidas no citado Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro.

Emporiso, nalgunhas das ditas augas poden estar presentes en estado natural certos compoñentes, por mor da súa orixe hidroxolóxica, e presentar un risco para a saúde pública a partir de determinada concentración, polo cal é necesario establecer límites de concentracións para estes compoñentes das augas minerais naturais.

O Comité Científico da Alimentación Humana (CCAH) emitiu un dictame, en decembro de 1996, sobre o arsénico, bario, fluor, boro e manganeso e validou, para outros compoñentes das augas minerais naturais, os límites recomendados pola Organización Mundial da Saúde (OMS) para a auga potable. Así mesmo, o devandito comité fixou o nivel aceptable para o bario, manganeso e arsénico nas augas minerais naturais, así como valores guías para o fluor e o boro.

A OMS recomendou un valor guía para o fluor na auga potable e o CCAH validouno para as augas minerais naturais no dictame citado anteriormente. Co fin de protexelos lactantes e os nenos, que constitúen a poboación máis sensible con relación ó risco de fluorose, convén, ademais, incluír unha indicación na etiquetaxe que sexa facilmente visible para o consumidor, en relación coas augas cun contido en fluor que sexa superior a este valor guía.

En canto ó boro, o CCAH sinalou un valor guía nas augas minerais naturais, de acordo coas recomendacións da OMS de 1996. Emporiso, a OMS e outras organizacións científicas reconecidas internacionalmente realizaron desde entón novas avaliacións do efecto do boro para a saúde pública e recomendaron niveis superiores. Polo cal é necesario consulta-la autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, para ter en conta as novas avaliacións científicas dispoñibles e non fixar un nivel máximo para o boro na fase actual.

O Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, como consecuencia da transposición xa efectuada da Directiva 96/70/CE, permite a separación dos compostos de ferro, manganeso e xofre, así como o arsénico, en determinadas augas minerais naturais e de manancial, mediante aire enriquecido con ozono e baixo certas condicións, baseadas no dictame do CCAH. Así mesmo, menciona a obriga de incluír na etiquetaxe información sobre os tratamentos